

#innovandocrecemos

XORNADA DE INNOVACIÓN
PARA A CIDADANÍA

3 RETOS RIS3



ALAMEDA DE MARÍN
Sábado 17 de setembro
11.30–13.30 h

- 1 » MARATÓN FOTOGRÁFICO
- 2 » CICLOINDOOR
- 3 » IOGA

A nova **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3)** ten como misión acadar unha Galicia sostible e dixital grazas a unha sociedade comprometida coa investigación e **a innovación como motor de desenvolvemento económico, social e medioambiental**.

A RIS3 é a estratexia global de Galicia para mellorar a competitividade e acadar crecemento económico e emprego de calidade a través da investigación e a innovación. A RIS3 desenvólvese a partir de retos e oportunidades, de aí que o título do evento sexa en si mesmo un reto xa na súa verbalización en forma de trabalinguas: "3 RETOS RIS3".

Un dos aspectos prioritarios da nova RIS3 é orientar a innovación a **dar resposta ás necesidades da sociedade, situando ás persoas no centro**. Pero para iso resulta importante xerar unha contorna que o favoreza, comezando pola percepción que a sociedade no seu conxunto ten da innovación. Porque **a innovación está ligada ao territorio e debe ocupar un lugar prioritario para a xeración de riqueza e benestar para a sociedade**.

Para isto, é imprescindible **sensibilizar á cidadanía sobre a repercusión e os beneficios da investigación e a innovación na súa vida diaria** e conseguir que se sintan parte da Estratexia. Trátase polo tanto, dunha Estratexia focalizada nas persoas –como principal activo de Galicia– e para as persoas –afrontando desde a innovación os principais retos da sociedade–.

#innovandocreemos

A Axencia Galega de Innovación propón un **conxunto de actuacións participativas abertas a toda a sociedade**, co fin de dar a coñecer a nova RIS3 de Galicia e implicar á cidadanía nesta aposta pola innovación. É por iso que cada unha das actividades lúdicas ofrecidas está relacionada conceptualmente con algún dos tres grandes retos que marcan o futuro de Galicia.

A xornada comezará cun **maratón fotográfico** para descubrir oportunidades e retos relacionados coa xestión innovadora dos recursos naturais e culturais (Reto1). De seguido terán lugar as clases de **cicloindoor** baixo a temática do modelo industrial da Galicia do futuro (Reto 2) e tamén dúas sesións de **ioga ao aire libre**, para poñer de relevo a importancia dun modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo (Reto 3).




O evento, que estará conducido pola escritora e xornalista da CRTVG, **María Solar**, contará coa presenza de importantes deportistas como **Irene Trabazo** (figura do ciclocross e campioa de España) e **Desirée Vila** –que comezou como ximnasta acrobática sendo campioa de Galicia en varias ocasións e campioa de España ata que se lesionou e emprendeu unha nova carreira no atletismo adaptado conquistando o campionato de España en varias ocasións e o récord nacional dos 100 m–; **Tamara Echegoyen** (campioa olímpica e campioa do mundo e de Europa en vela) e **Manolo Paz** (escultor e Premio da Cultura Galega).

As persoas que se acheguen ao evento poderán acceder ao **stand Retos RIS3** e coñecer tamén a **Canteira de Innovación e Materiais de Galicia**, na que se amosan novos materiais innovadores e sostibles feitos no rural galego. Canteira de innovación e materiais de Galicia é un stand formado polas seguintes empresas **Atalanta Madera / Betanzos HB S.L.; Cholita; Eco-celta Galicia S.L.; Ecoplas Barbanza S.L.; Eferro; Ibérica de esponjas vegetales; Idoia Cuesta; lo Morales; Landra Típica; Mámoa, Deseños Vivos; Mar de Miranda; NorPromenade; Inés RiR&Co; Timbersoul by Cándido Hermida e Tsubaki Diseño.**



Alameda de Marín



Horario

11.30 h	Recepción dos asistentes ao maratón fotográfico
11.30 – 11.50 h	1ª sesión cicloindoor
12.00 – 12.30 h	1ª sesión ioga
12.30 – 12.50 h	2ª sesión cicloindoor
13.00 – 13.30 h	2ª sesión ioga

#innovandocrecemos

XORNADA DE INNOVACIÓN PARA A CIDADANÍA **3 RETOS RIS3**



ALAMEDA DE MARÍN
Sábado 17 de setembro
11.30–13.30 h

1» MARATÓN FOTOGRÁFICO

FOTOGRAFAR OPORTUNIDADES E RETOS

**RETO RIS 3: XESTIÓN INNOVADORA DOS RECURSOS
NATURAIS E CULTURAIS**

Actividade gratuíta

Reserva de praza nesta ligazón

Recepción de participantes
ás 11.30 h no stand do evento

O Reto 1 da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, a chamada RIS3, é acadar un modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación. A fotografía, como ferramenta de observación e de captura, pode axudarnos a descubrir oportunidades innovadoras de negocio, de recuperación do patrimonio, de valorización dos recursos naturais, novos hábitos ou novos materiais.

Este maratón fotográfico utilizará a arte como un banco de probas, porque moitas ideas innovadoras que se proxectan desde o creativo e parecen carentes de funcionalidade, máis tarde acaban sendo aplicadas. A actividade, dirixida polo artista plástico e profesor Suso Fandiño, consiste nun pequeno percorrido urbano que partirá da Alameda de Marín para observar, imaxinar e proxectar desde a fotografía unha serie de retos e oportunidades de innovación vinculadas aos recursos naturais e culturais. As persoas asistentes poderán utilizar os seus propios teléfonos móbiles, non é necesario levar unha cámara de fotos profesional.

Trátase dun maratón colaborativo, que quere convidar á cidadanía a fotografar oportunidades e retos para difundir en medios como Instagram as posibilidades da innovación vinculada aos recursos naturais e culturais. A partir do hashtag #innovandocrecemos inaugúrase unha sorte de exposición virtual coas imaxes achegadas polos participantes, que queda aberta no futuro a calquera persoa ou empresa que desexe etiquetar un aproveitamento innovador dos recursos naturais e culturais de Galicia.



Ecocelta
Abono de algas e cunchas de mexilón



Cholita
Cadeira feita con redes de pesca



Manolo Paz
Peza escultórica con redes de pesca



Suso Fandiño


Suso Fandiño combina a docencia coa práctica artística establecendo relacións entre ambas. Actualmente traballa como docente na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e na ensinanza secundaria e imparte ademais diversos cursos de arte contemporánea. Na súa faceta como creador, reflexiona con humor e ironía sobre a propia historia da arte e a súa relación co contexto social e político, empregando medios como a fotografía, a pintura, o vídeo ou a instalación. A súa obra foi exposta no CGAC (Santiago de Compostela), DA2 (Salamanca), MARCO (Vigo), Fundación Barrié (A Coruña) ou no Goethe Institute (Frankfurt), tamén en galerías como Ad Hoc, T20, Trayecto ou a norteamericana Maus Contemporary e en feiras nacionais e internacionais. O seu traballo forma parte de coleccións como a Colección CGAC, a Fundación Coca-Cola, a Fundación Barrié ou a Jan Michalski Foundation.

3 RETOS RIS 3

#innovandocrecemos

XORNADA DE INNOVACIÓN PARA A CIDADANÍA 3 RETOS RIS3

ALAMEDA DE MARÍN
Sábado 17 de setembro
11.30–13.30 h



2» CICLOINDOOR

RETO RIS 3: A INDUSTRIA SOSTIBLE
E DIXITAL DO FUTURO

Actividade gratuíta

Reserva de praza nesta ligazón

1ª sesión: 11.30 – 11.50 h

2ª sesión: 11.30 – 11.50 h

O reto 2 da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, a chamada RIS3, busca incrementar a intensidade tecnolóxica da industria de Galicia. No deporte poténcianse valores como a superación, o liderado ou o traballo en equipo, que son extrapolables a calquera ámbito competitivo –como pode ser o empresarial. A actividade deportiva aseméllase á económica en que ambas están orientadas a obxectivos e resultados, na procura da excelencia e do crecemento. Ante un contexto sempre cambiante e difícil de controlar, a capacidade de innovar é a nosa maior fortaleza. O camiño presenta retos que nós convertemos en oportunidades.


Esta acción quere establecer un paralelismo entre o pulo que require un modelo industrial innovador e a intensidade necesaria para alcanzar o cumio nunha sesión de ciclo. O esforzo de pedaleo conxunto simboliza a construción dun futuro sustentado nun tecido produtivo puxante.

Celebraranse dúas clases de vinte minutos no paseo da Alameda de Marín. Ambas serán de nivel básico –aínda que cada quen poderá regular a súa propia intensidade– amenizadas con música e unha gran pantalla na que os participantes poderán seguir imaxes de acompañamento e unha gráfica coa duración e nivel de esforzo de cada tramo. É preciso acudir con roupa axeitada para a actividade; a organización entregará a cada participante un cortaventos e outros produtos de uso deportivo.

#innovandocrecemos

XORNADA DE INNOVACIÓN PARA A CIDADANÍA 3 RETOS RIS3

ALAMEDA DE MARÍN
Sábado 17 de setembro
11.30–13.30 h



3» IOGA

RETO RIS 3: NOVO MODELO DE VIDA SAUDABLE
E ENVELLECIMIENTO ACTIVO

Actividade gratuíta

[Reserva de praza nesta ligazón](#)

1ª sesión: 12.00 – 12.30 h

2ª sesión: 13.00 – 13.30 h

O reto 3 da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, a chamada RIS3, céntrase en acadar un modelo de vida máis saudable como fonte de riqueza, con especial atención ao envellecemento activo. O aumento da esperanza de vida e as características demográficas do noso territorio, cunha elevada porcentaxe de persoas maoires, fan que a atención á calidade de vida sexa un eido prioritario para a innovación dende moi diversos ámbitos, dende a saúde ata o modelo asistencial. A práctica de exercicio físico é fundamental para levar un estilo de vida saudable durante todo o ciclo vital e axuda a envellecer mantendo unha boa autonomía persoal.

Con esta proposta de ioga ao aire libre trátase de dar a coñecer esta práctica e os seus fundamentos a xente de todas as idades e niveis. As asanas (posturas) e técnicas de respiración axúdannos a levar unha vida máis saudable, tomando conciencia do noso corpo e relaxando a nosa mente. Unha actividade grupal, aínda que de carácter introspectivo, na que cada quen poderá valorar a súa fortaleza, equilibrio e flexibilidade.

Dúas sesións de ioga no paseo da Alameda de Marín, de nivel básico e media hora de duración, que serven como primeira toma de contacto con esta actividade ou ben como unha oportunidade para gozar dela nunha contorna diferente. Aconséllase acudir con roupa cómoda e non é preciso levar esteira, xa que se entregará unha como agasallo a quen asista, ademais doutros produtos para uso deportivo.